

Auto da costureira

Por MANUEL MARÍA

Decorado

*Ao erguerse o pano aparece, a un lado do escenario, unha casa aldeá cun emparrado diante. Debaixo do emparrado, unha mesiña e un costureiro.
A luz é a claridade dunha mañá de primavera.
Ao erguerse o pano a MOZA está cosendo. Ten unha peza de lenzo no colo e anda a bordar unha saba. Ten a testa baixa e os ollos fixos no seu traballo.
A MOZA ten dezaoito. Os ollos mouros como a noite e o van delicado e lanzal como unha vara de abelaira.
A MOZA é máis ben leda.*

Escena primeira

NAI.- Sempre a bordar. Como se no mundo non houbese máis cousas que facer que estar sempre bordando!

MOZA. - Para min, ao menos, non hai máis traballo. E se o hai, non me interesa.

NAI. - Bordando cavíase moito de máis.

MOZA.- Bordar é case unha soidade. Eu ben o sei. Aínda que a min a soidade non me pon medo.

NAI. - A soidade é moura. Eu xa vou vella. A vellez, miña filla, tamén é moura.

MOZA. - Para min a soidade non é moura: é amarela; amarela como a luz do solpor. Aínda así, gusto de bordar con fío azul.

NAI. - Como o azul do mar...?

MOZA. - Si; como o azul do mar e mais do ceo.

NAI. - Debías de ir á horta e á fonte. Estás todo o santo día sen saír de aquí.

MOZA. - Estou leda. Ben sei que debía de ir á horta e mais á fonte. Os meus anceios van moito máis aló. Aquí sentada, bordando, camiño deica moi lonxe.

NAI. - Non sei se iso será bo.

MOZA.- Déixame, miña nai.

NAI. - Eu só quero o teu ben, miña filla.

MOZA.- O meu ben! Que é o meu ben...?

NAI. - Cos anos amátanse os lumes e as augas voltan polos vellos regos. Cando eu era moza sentía ferver en min un gran desacougo sen saber o por que. Logo casei e o meu fogo foise voltando cinza, pouco a pouco. No borrallo daquel fogo acendeuse unha luciña maina que aínda hoxe me alumea. É unha luz amorosa e mol.

MOZA. - As miñas veas son camiños que están dentro de min. Por eles corre o meu sangue, un regueiro de lume. Non teño auga, non hai auga no mundo para apagar tanto lume. Cecaís morra queimada por el.

NAI. - Unha vaguidade.

MOZA. - Unha vaguidade...

NAI. - Un lume cheo de sombra.

MOZA. - Cheo de sombra, de resplandor e de loito...

NAI. - Unha trístura...

MOZA. - Non! Unha tristura, non... !

NAI. - A luz sempre nos foxe das maos.

MOZA. - Eu nunca intentei apreixar a luz. Daríame medo.

NAI. - Ti tes luz, logo...

MOZA. - Non sei. Nunca teño reparado niso.

NAI. - Ti alúmaste con degaros.

MOZA. - Non o sei, nai! Non o sei!

NAI.- Ti alúmaste con soños.

MOZA.- Coido que me alumo cos fíos azuis cos que bordo.

NAI.- Un azul como o do ceo.

MOZA.- Non; un azul como o do mar.

NAI.- O mar non sempre é azul. O mar está moi lonxe.

NOZA.- Non. Eu sinto o mar dentro de min. E o azul distante da montaña semella, en certo xeito, o azul do mar.

NAI.- O mar impón. O mar é unha cousa viva.

MOZA.- Será, logo...

UNHA VOZ.- Peixe fresco...! Hai peixe do mar...! Peixe...!

(A VOZ é forte e fonda como a derradeira traca que sinala o remate da romaría.)

NAI.- Non queremos nada.

UNHA VOZ.- Nin un colar de cunchas para a rapaza...?

NAI.- Non!

MOZA.- Un colar de cunchas, non. Un colar de estrelas! Un colar de xerfas...!

UNHA VOZ.- As estrelas non naufragan.

MOZA.- As estrelas, non; mais os anceios, si.

Escena segunda

Esta escena ten que dar a sensación de gran naturalidade. A luz é a adoptada dun día claro á hora do mediodía.

A MOZA segue a bordar, enviso na súa tarefa. A MOZA ten unha melancolía doce como o toque de oración. Unha paz de campía cinguea.

MOZA.- Quen vai?

TABERNEIRO.- Non teñas medo: son eu, Álvaro, o Taberneiro*

MOZA.- Que traes por aquí?

TABERNEIRO.- O meu silencio.

MOZA.- Poca cousa logo.

TABERNEIRO.- Non che abonda o meu silencio?

MOZA.- Pois...

TABERNEIRO.- E logo...?

MOZA.- E logo... Só tes silencio?

TABERNEIRO.- Só.

MOZA.- Non tes a ledicia do viño?

TABERNEIRO.- Cecais non.

MOZA.- E logo que tes...?

TABERNEIRO.- Cecais que a seriedade calada dos bocois.

MOZA.- Máis nada que iso...?

TABERNEIRO. - E cecais tamén a tristura dun xílgaro que teño metido nunha gaiola.
Eu tamén estou engaiolado, non o sabes?

MOZA.- Non!

TABERNEIRO.- Pois agora xa o sabes. Ti que tes...?

MOZA.- Un fío azul.

TABERNEIRO.- E para que?

MOZA.- Para bordar.

TABERNEIRO.- E que tes máis...?

MOZA.- Pezas de lenzo branco.

TABERNEIRO.- Para que as queres?

MOZA.- Para bordalas.

TABERNEIRO.- No teu maxín non bordas encaixes marabillosos?

MOZA.- É posibel que si.

TABERNEIRO.- Ti tes estrelas?

MOZA.- Coido que si.
TABERNEIRO.- E un degaro ardendo no peito?
MOZA.- Tamén.
TABERNEIRO.- E soidade...? Ti tes soidade..
MOZA.- Nalgunhas vegadas, si.
TABERNEIRO.- Mais ti non tes silencio.
MOZA.- Cecais si. Cecais que eu teña un silencio pequeniño.
TABERNEIRO.- Pois tes que o agrandar. Eu veño agrandar o teu silencio. Entón ti serás dona de ti.
MOZA.- Nunca matinei niso.
TABERNEIRO.- Queres o meu silencio...?
MOZA.- É posíbel que si... Todo é posíbel...!
TABERNEIRO.- Querer o meu silencio é quererme a min.
MOZA.- Son moza solteira.
TABERNEIRO.- Logo...
UNHA VOZ.- Unha esmola por amor de Deus...! Unha esmola...! Unha esmoliña!
TABERNEIRO.- Logo...
MOZA.- Logo... Iso é...

Escena terceira

Na escena está só o TABERNEIRO, dubidoso e estantío. A luz é moura. O TABERNEIRO dá uns pasos inseguros pola escnea falando entre dentes. A luz ségueo como se fose a súa sombra, a mofarse del. Entra o LABREGO. O LABREGO é un home rexo. Vén en mangas de cós. Aínda é un home novo. No seu acento trae a escuridade da terra.

TABERNEIRO.- Ti aínda quedas?
LABREGO.- Aínda.
TABERNEIRO.- A campía debe estar fermosa.
LABREGO.- Moi fermosa. Mais para ollar a fermosura da campía cómpre vagar.
TABERNEIRO.- Traballar a terra é duro.
LABREGO.- É. Hoxe estás moi falador...
TABERNEIRO.- É que estou ledos...

Pasa o MARINHEIRO, atravesando a escena como un lóstrego. O seu traxe branquísimo semella unha cousa pura e inocente. O MARINHEIRO ten a vitalidade das ondas feras e guerreiras.

LABREGO.- Un mariñeiro...!

TABERNEIRO.- Un mariñeiro...!

LABREGO.- Que fará aquí un mariñeiro...?

TABERNEIRO.- Non sei! Deica logo!

LABREGO.- Deica logo!

Entra a MOZA. Sorrille ao LABREGO e séntase a bordar.

MOZA.- Estarás ledó! Vai bo tempo!

LABREGO.- Moi bo tempo. Ti sempre a bordar!

MOZA.- Sempre!

LABREGO.- Que bordas?

MOZA.- Os meus pensamentos.

LABREGO.- Non debe ser moi doado.

MOZA.- Para min, si.

LABREGO.- Semellas unha cana de centeo agarimada polo outo vento de maio.

MOZA.- Es moi comprido.

LABREGO.- Só digo a verdade. Eu non sei de cumprimentos.

MOZA.- Non é moi doado saber cando o sentir dun é verdadeiro ou non.

LABREGO.- Pois para min é doado.

MOZA.- Logo tes a claridade? Es ti o dono da Claridade?

LABREGO.- Non o sei. Sei moi poucas cousas.

MOZA.- Tamén eu sei poucas cousas.

LABREGO.- Sei arar, sementar, recolleitar...

MOZA.- Eu sei bordar...

LABREGO.- Alédame ollarte bordar. Queres bordar sempre?

MOZA.- Non o sei!

LABREGO.- Bordar é bo.

MOZA.- Seguramente.

LABREGO.- Por ollarte bordar a tí eu sementaría de liño todas as miñas terras.

MOZA.- Está ben!

LABREGO.- Ti queres o meu liño?

MOZA.- Quero!

LABREGO.- Quérelo con toda a túa alma?

MOZA.- Quero!

LABREGO.- A ledicia quéimame como un lume!

MOZA.- A min tamén!

UNHA VOZ (*cantando*):

Estreliña do luceiro
a da moita claridade:
vaise o día, vaise a noite,
vaise a miña mocidade.

MOZA.- Unha cantiga! Unha cantiga! Vou procurala! Eu quero bordar unha cantiga.

Escena cuarta

Entra o MARÍÑEIRO cantando as últimas verbas da cantiga anterior. Coa súa entrada a luz esmaiólase.

NAI.- Quen canta?

MARÍÑEIRO.- Un mariñeiro.

NAI.- Que fas aquí?

MARÍÑEIRO.- Pasar e cantar.

NAI.- Es de lonxe?

MARÍÑEIRO.- Son. Todos os mariñeiros somos de lonxe.

NAI.- De onde es?

MARÍÑEIRO.- Do mar!

NAI.- O mar está moi lonxe!

MARÍÑEIRO.- ...moi lonxe...!

NAI.- A mín dáme medo o mar!

MARÍÑEIRO - Eu amo o mar.

Aparece a MOZA. Vén como se chegase do trasmundo, a procurar un anxeio. A luz dálle na faciana e ponlle un nimbo anxélico.

MOZA - A cantiga! A cantiga! Quero bordar unha cantiga!

MARÍÑEIRO.- É mellor bordar un horizonte, poño por caso.

MOZA.- Un horizonte?

MARÍÑEIRO - Si!

MOZA.- O horizonte é imposíbel de acadar.

MARIÑEIRO - Cando estou de garda na cuberta do barco, a miña tarefa é esculcar horizontes. Daquela eu son o dono dos horizontes.

MOZA -Si! Que marabilla!

MARIÑEIRO.- Na terra, non. Na terra os horizontes agáchanse detrás das montañas.

MOZA.- Mais o mar é unha soidade. É o que estaba pensando.

MARIÑEIRO.- O mar ten unha voz humana.

MOZA.- Mais o mar non ten flores! Que pena!

MARIÑEIRO.- Mais ten xerfas. As xerfas son flores de espuma! Decátaste?

MOZA.- Si: son como unha luz.

MARIÑEIRO.- Tamén. Mais o que eu quero dicir é que o brancor da lúa é como o das túas coxas.

MOZA.- Non é verdade! Como a lúa non! As miñas coxas son brancas como o mármore!

MARIÑEIRO.- E frías como a xeadá.

MOZA.- Eu teño lume!

MARIÑEIRO.- Ven comigo ao mar! Eu apagarei o teu lume!

MOZA.- Son solteira. O mar está lonxe!

MARIÑEIRO.- Mais ti non estás lonxe. Tí es un mar no que eu quero naufragar.

MOZA.- Non pode ser! Naufragar é morrer!

MARIÑEIRO.- Ou vivir! Quero as túas coxas!

MOZA.- Non!

MARIÑEIRO.- Heite de levar comigo ao mar!

MOZA.- Non!

MARIÑEIRO.- O mar é sempre unha tentación! Heite levar comigo!

MOZA.- Non!

MARIÑEIRO - O mar é azul!

MOZA.- Como os fíos cos que eu bordo...

MARIÑEIRO.- O mar sen tí está só!

MOZA.- O mar está moi lonxe!

MARIÑEIRO.- Tes que vir comigo!

MOZA.- Non!

MARIÑEIRO.- Si! Tes que vir comigo!

MOZA.- Teño aínda moito que bordo!

MARIÑEIRO.- Ven comigo! Deixa os bordados! Verdade que queres vir?

MOZA.- Non sei! Xa non o sei!

MARIÑEIRO.- Ven!

MOZA.- Non! Aínda non! Agarda!

Óuve-se ao lonxe a sirea dun barco, moi lonxe...

MARINHEIRO.- Ven!

MOZA.- Non! Aínda non!

MARINHEIRO.- Ven! Non hai tempo que perder!

MOZA.- Adeus!

MARINHEIRO.- Voltarei! Voltarei por tí!

Escena quinta

Entra o PEGUREIRO. Trae unha doce inocencia ao seu arredor. A luz ten o verde do monte e a pureza do ar da serra.

O PEGUREIRO trae escrita na faciana a soidade e o silencio. É un home alto. Nos ollos a claridade e a limpeza do que olla o ar acotío.

A MOZA está cavilosa, coa testa delongada. Está sentada e no colo ten unha peza de liño.

PEGUREIRO.- Que fas?

MOZA.- Agora nada. Ía bordar.

PEGUREIRO - É máis belido fiar.

MOZA.- Será!

PEGUREIRO.- O ritmo da fía é un ritmo de cantiga. Nunca te decataches?

MOZA.- Ti tes cantigas?

PEGUREIRO.- Teño cantigas. Sei cantigas, se me preguntas iso.

MOZA.- Só tes cantigas?

PEGUREIRO.- Tamén teño ovellas e cabritos...

MOZA.- E que máis tes?

PEGUREIRO.- O ar da serra.

MOZA.- E que fas con el...?

PEGUREIRO.- Ollalo.

MOZA.- Eu nunca ollei o ar.

PEGUREIRO.- O ar é aínda máis claro que a auga dos regueiros.

MOZA.- Non será como a auga do mar?

PEGUREIRO.- Non o sei. Eu nunca ollei o mar.

MOZA.- E non queres ollalo?

PEGUREIRO - Cecaís si, aínda que non estou moi seguro.

MOZA.- O mar debe ser tristeiro!

PEGUREIRO.- O mar ten que ser unha tristura moi longuíssima, sempre igual...

MOZA.- De noite, non. De noite as estrelas refléctense no mar.

PEGUREIRO.- No mar non poderías fiar.

MOZA.- Eu non sei fiar.

PEGUREIRO.- Mais sabes bordar.

MOZA.- Sei. Agora quixera bordar unha cantiga e o azul do mar.

PEGUREIRO.- E o ar da serra...?

MOZA.- Non. Eu non sabería bordar o ar da serra. O ar da serra cecaís que non se pode bordar.

PEGUREIRO.- Pode tal. Os paxaros bordan o ar. Os meus añaños, cando choutan de ledicia, tamén bordan o ar. E así todas as cousas...

MOZA.- O ar da serra debe vir do mar.

PEGUREIRO.- Ven!

MOZA.- E métese por entre a lá dos teus añaños.

PEGUREIRO.- Mete. Ti nunca tiveches un añaño..?

MOZA.- Non!

PEGUREIRO.- Queres un añaño?

MOZA.- Quero!

PEGUREIRO - Un añaño branco cunha estrela moura na testa?

MOZA.- Si!

PEGUREIRO.- Queres vir comigo para o monte...?

MOZA.- E para que...?

PEGUREIRO.- Para ollar o ar da serra. Para deprenderes a fiar. Para... Ti queres vir comigo...?

MOZA.- Quero! Quero ollar o ar da serra e deprender a fiar! Quero...!

PEGUREIRO.- Imos logo!

MOZA.- Non! Aínda non! Aínda teño que rematar o meu bordado!

PEGUREIRO.- Está ben! Agardarei!

MOZA.- Agárdame! Agárdame sempre!

Escena sexta

A MOZA atravesa a escena e retírase ao tempo que a luz languidece. A escena fica baleira por uns intres. Despois a luz irá medrando pouco a pouco, segundo van entrando os personaxes, deica chegar á plenitude.

TABERNEIRO - Onde está a moza? Veño por ela para lle dar o meu silencio! Para encher con ela o meu silencio! Veño pola moza para que comparta o meu silencio!

LABREGO.- A moza é miña! Ten que bordar o meu liño! O liño que eu sementei coas miñas maos para que ela o bordase! A moza é miña!

PEGUREIRO.- Non! A moza non é vosa! A moza ten que vir á miña beira para aprender a fiar! A moza terá que ollar a miña beira o ar da serra!

NAI.- Que queredes...? A que vides aquí...?

TABERNEIRO.- Veño pola moza!

LABREGO.- Veño pola moza!

PEGUREIRO.- Quero a moza!

NAI.- Non irá con ningún!

TABERNEIRO.- A mín hame de matar o meu silencio!

LABREGO.- O meu liño hame de secar o corazón!

PEGUREIRO.- O ar da serra hame de cegar!

TABERNEIRO (á NAI).- Onde está a moza?

LABREGO (á NAI). - Vai chamar a moza!

NAI.- A moza gardeina eu e ben gardada está. Teredes que irvos sen ela!

TABERNEIRO. - Eu morro!

LABREGO.- Eu adoezo!

PEGUREIRO.- Eu cego!

TABERNEIRO.- A miña taberna semellará un sartego!

LABREGO.- As miñas leiras ficarán ermas!

PEGUREIRO.- A min morrerame a facenda!

Escena sétima

A escena fica, por uns intres, na escuridade.

Ao escoitarse as primeiras verbas da cantiga que segue vai nacendo a luz,

MARINHEIRO (*cantando*).- Estreliña do luceiro
a da moita claridade:
vaise o día, vaise a noite,
vaise a miña mocidade.

MOZA.- Quen canta?

MARIÑEIRO.- Son eu!

MOZA.- Quero bordar esa cantiga!

MARIÑEIRO.- Pois tes que bordala nos meus beizos! Para sempre!

MOZA.- Cecais...!

MARIÑEIRO.- Vámonos!

MOZA.- Aínda non! Teño que agardar a que..!

MARIÑEIRO.- ...a que...?

MOZA.-Ao silencio...!

MARIÑEIRO.- Só iso...?

MOZA.- E liño para bordar.

MARIÑEIRO.- Só iso..?

MOZA.- E o ar da terra- E un año branco cunha estrela moura na testa. Eu nunca
tiven un año, sabes...?

MARIÑEIRO.- Terás o silencio do mar, o liño das velas, o ar salgado...!

MOZA.- Iso todo non me abonda!

MARIÑEIRO.- Tesme a min!

MOZA.- Sei que nada enche o meu degaro!

MARIÑEIRO.- Anceias moito...?

MOZA.- Aínda non sei todo canto anceio!

MARIÑEIRO.- Todos os meus anceios están en ti!

MOZA.- Teño medo!

MARIÑEIRO.- Os meus brazos escorrentan todos os medos! E o meu amor tamén!

MOZA.- Aínda non sei como é o amor!

MARIÑEIRO.- Eu cho amosarei!

MOZA.- O amor é un lume!

MARIÑEIRO.- E un degaro!

MOZA.- Eu teño un lume de meu!

MARIÑEIRO.- Vámonos!

MOZA.- Agarda!

MARIÑEIRO.- Non podo agardar máis! Non podo!

*O MARIÑEIRO colle a MOZA e foxe con ela sen que lle opoña resistencia.
Cando o MARIÑEIRO foxe coa MOZA, aparece a NAI.*

NAI.- Filla! Filla!

Róubanme o meu tesouro!

Lévanme a flor e a ledicia da miña vellez!

Róubanme a luz destes meus ollos!
Lévanme o lume do meu lar!
Filla!
Filla!
Filliña...!
Solaz da miña vellez!
Báculo para me eu soste!
Espello do meu ollar!
Filla!
Filla!
Filliña...!

*A luz vai caendo mainamente e a escena vai ficando na escuridade.
Cando a escuridade sexa fonda e mesta, a luz volta a nacer como se estivese
amañecendo.*

VOZ DO MARÍÑEIRO (cantando)
A lúa vai encoberta
a min pouco se me dá.
A lúa que a min me aluma
dentro do meu peito está!

Pano